

Móvete en Rede

Nenos e Nenas



Organiza:



Colabora:






O MUNDO que queremos

Imaxinemos un mundo en que todos os nenos e nenas comen. En
que todas as persoas votan.

En que todos os fogares teñen auga potable.

En que ningunha persoa elixe unha arma en lugar do seu futuro...

Logralo está ao noso alcance... ¡Móvete en Rede!



sumario

Medioambiente	2	A auga é máis que un dereito ¿Coidamos o noso planeta?
Consumo responsable	4	Nada máis Aforro de enerxía Camiseta especial
Interculturalidade	6	Coñezamos algo máis de Ecuador ¿Quen lle puxo o nome á lúa? Cantar cancións ¿Que é a diversidade?
Paz	8	O mono viaxeiro
Igualdade de oportunidades	10	Alfabetos Se eu fose... Celebracións
Saúde	12	Palabras
Miscelánea	13	Adiviñas Poesías

Presentación

Entreculturas é unha organización non gobernamental, promovida pola Compañía de Xesús, que defende o acceso á educación dos máis desfavorecidos, como medio de cambio social, xustiza e diálogo entre culturas.

Desde hai anos apostamos pola promoción social dos excluídos do mundo. En **Entreculturas** estamos convencidos da necesidade de educar tamén aquí nos nosos países do Norte para a comprensión dun mundo interdependente.

O periódico **Móvetes en Rede. Nenos e Nenas** forma parte de ¿Igual-Dá? campaña educativa pola inclusión e a equidade orientada a comprender a orixe das desvantaxes que impiden a igualdade de oportunidades, especialmente no ámbito da educación, así como a necesidade de compensalas para transformar as realidades de exclusión. **Móvetes en Rede. Nenos e Nenas** está dirixido ao alumnado de Educación Primaria e propón actividades de transformación desde o cotián.

Porque non nos dá igual. ¡Queremos un mundo máis xusto para todos e todas!

campaña educativa ¿IGUAL DÁ?

Obxectivos:

- 1 Sensibilizar sobre os fenómenos de exclusión asociados á desigualdade de oportunidades, especialmente no exercicio do dereito á educación.
- 2 Favorecer a reflexión e comprensión da equidade e a inclusión como parte das actitudes estratéxias e políticas encamiñadas á igualdade de oportunidades, facendo fincapé no ámbito educativo.
- 3 Promover actitudes e valores que facilitan a participación activa a nivel local e global na transformación de procesos de exclusión, conectando con outras iniciativas sociais que teñan este mesmo fin.

Se desexas máis información sobre a Campaña ¿Igual-dá? ¡Escríbenos! Entreculturas-Fe e Alegría. Departamento de Educación para o Desenvolvemento. Pablo Aranda 3, Madrid 28006. E-mail: entreculturas@educared.net



A auga é máis QUE UN DEREITO

A vida de todos os seres do planeta depende esencialmente da auga, sen ela non é posible sobrevivir. Unha de cada seis persoas no mundo non ten acceso á auga potable* e esta é a causa de moitas enfermidades e mortes cada día.

¿Sabías que...?

- Cada persoa necesita aproximadamente 20 litros de auga ao día para cubrir as súas necesidades básicas.
- Para manter un campo de golf necesítase a mesma cantidade de auga que para a supervivencia cotiá de 20 mil persoas.
- Os seres humanos perdemos 2,4 litros de auga por día, os cales se recuperan bebendo e comendo.
- Algunhas empresas petroleiras, mineiras e industriais son as responsables de que a auga se atope contaminada en moitos lugares do mundo.
- As 3/4 partes do noso planeta están formadas por auga.
- Se se contaminan os ríos da Amazonía, os afectados non son soamente os pobos que viven na súa contorna, senón todos os seres que habitamos o mundo.
- Necesítanse ao redor de 300 litros de auga para fabricar un quilo de papel.
- Un litro de petróleo pode contaminar ata dous millóns de litros de auga.

*auga potable: auga non contaminada, adecuada para o consumo humano.

¿Como podemos utilizar mellor a auga?

É importante que aprendamos a usar a auga con responsabilidade, segue estas sinxelas pautas...

- Manter a billa pechada mentres enxaboamos as mans ou cepillamos os dentes.
- Observar que as billas e cisternas estean en bo estado e non perdan auga por goteo.
- Tomar duchas curtas en lugar de baños.
- No verán, gardar a auga na neveira ou no conxelador para mantela fría. Non deixar que o chorro de auga corra ata que se poña fría.
- Encher de auga unha botella de plástico e colocala na cisterna do cuarto de baño, así aforrarase o volume de auga que se utiliza cada día ao tirar da cadea.
- Regar as plantas durante as primeiras horas da mañá ou as últimas da tarde, cando a temperatura sexa máis fresca, para reducir ao mínimo a evaporación.
- Recoller auga de choiva para regar as plantas.

Máis información:

<http://www.enredate.org>

http://www.unesco.org/water/water_celebrations/index_es.shtml

http://www.ec.gc.ca/water/fr/info/pubs/f_teach.htm

Para
lembrar


- Día Mundial da Auga: 22 de marzo.
- Día Mundial de Loita contra a Desertización e a Seca: 17 de xuño.

¿Coidamos o noso planeta?

Seguro que escoitaches que o noso planeta atravesará por grandes problemas no ambiente: acumulación de refugallo, calentamento global, especies en perigo de extinción... Ti podes facer moitas cousas para que esta situación cambie.

Aquí tes unhas ideas que podes poñer en práctica para ser un **bo amigo** ou unha **boa amiga** do noso planeta:

- 1 Clasifica e tira o lixo nos contedores apropiados.
- 2 Lembra as tres "R" (Reduce - Reutiliza - Recicla).
- 3 Ten presente sempre que "é mellor non ensuciar que ter que limpar".
- 4 Deposita os papeis nas papeleiras, non os tires ao chan.
- 5 Mantén limpas as paredes e muros da túa casa e da rúa, non fagas pintadas ou debuxos que os ensucien.
- 6 Usa o equipo de música e o televisor a un volume moderado.
- 7 Cando escribas, usa o papel por ambos os dous lados.
- 8 Aprende a facer papel reciclado, ademais de escribir sobre el, poderás facer moitas outras cousas.



Para saber máis:

www.ecologistasenaccion.org

(Consume ata morrer, Semana sen televisión...)

<http://www.greenpeace.org/espana>

(Campañas de Augas, Atmosfera, Bosques, Costas, Desarmamento, Enerxía, Océanos, Tóxicos, Transxénicos)

<http://www.wwf.es>

(Especies, accións para desenvolver)

- Falar cos teus amigos e amigas sobre a utilidade destes consellos. (¿Por que é importante clasificar o lixo?).
- Elaborar outros consellos prácticos para Reducir, Reutilizar e Reciclar.
- Organizar unha feira de obxectos feitos con materiais reciclados (macetas, pendentes, colares, portalapis, cartafolios, etc.)
- Facer carteis (con material reciclado) con debuxos e lemas para ser un bo amigo ou amiga do planeta.
- Deseñar un carné ou un diploma de "Amigo/a do planeta" para dárllelo ás persoas que colaboren co seu coidado.



**CONSUMIR É FACER USO DAS COUSAS (BENS E RECURSOS),
CONSUMIR RESPONSABLEMENTE SIGNIFICA QUE FACEMOS UN
BO USO DAS COUSAS.**

Nada **más**

María Elena Walsh
Arxentina

Con esa moneda
me voy a comprar
un ramo de cielo
y un metro de mar,
un pico de estrella,
un sol de verdad,
un hilo de viento
y nada más.



acTividades

- Facer unha listaxe de todas as cousas que che gustan a ti e aos teus amigos e amigas e que son de balde (quizais por iso non as tomamos en conta moitas veces). Por exemplo: unha aperta, unha palabra de ánimo, un sorriso... ¿Reparastes en que ademais non se esgotan?
- Realizar agasallos feitos por ti. Algunhas ideas sinxelas: portalapis, tarxetas, marca páxinas... podes utilizar algúns fragmentos de poemas para decoralos.



Para saber máis:

- Consumo responsable de xoguete:
http://www.ozonalia.org/consumo_responsable.htm
- Recuperación de latas e xogo:
<http://www.damelalata.com/index.htm>

Xapón

leve camiseta e aforre enerxía

O primeiro ministro de Xapón decidiu vestirse informalmente este verán e quere que millóns de traballadores xaponeses fagan o mesmo.

O primeiro ministro de Xapón, Junichiro Koizumi, pediulles aos traballadores que quiten as súas gravatas e camisas de colo como parte dun esforzo nacional para gastar menos enerxía en aire acondicionado.

Para demostrar o serio das súas afirmacións, Koizumi ordenou aos seus ministros que se desfixesen dos seus traxes para servir de exemplo á poboación.

Nos dous últimos anos as condicións climáticas durante o verán nas principais cidades xaponesas, como Toquio e Osaka, caracterizáronse por ter unha temperatura media de máis de 30 graos centígrados.

Os sistemas de aire acondicionado regularmente son acendidos ao máximo durante todo o día para tratar de manter a xente fresca, o que orixina un gran gasto de enerxía.

Fonte: BBCMundo.com

actividades

- Dialogar cos teus amigos e amigas: ¿Credes que esta é unha boa medida para aforrar enerxía?, ¿que outras cousas se vos ocorren para aforrar enerxía na casa e no cole?

Camiseta ESPECIAL

Seguro que tes unha camiseta branca que xa non usas, propómosche unha idea xenial para reciclala e obter unha camiseta moi orixinal.

Necesitarás: unha camiseta branca, rotuladores non tóxicos para tecido, papel de xornal, papel continuo, cinta de carroceiro.

1. Primeiro deberás despexar unha mesa e cubrila con follas de xornal. Esta será a zona de traballo (tamén podes facelo sobre o chan).
2. Debes introducir un anaco de papel continuo dentro da camiseta para que as cores non a traspasen.

3. Estira ben a camiseta, suxeitaa con cinta de carroceiro e comeza a debuxar.

Suxerímosche algúns posibles motivos: mascotas favoritas, a familia, nomes de amigos e amigas... tamén podes facer unha composición con figuras xeométricas, letras, números ou escribir o retouro da túa canción favorita, etc.

Cando remates o debuxo, déixao secar. ¡E a estrear unha camiseta chula e orixinal!

Moi importante: recoller todo e deixalo no seu lugar.

Capital: Quito
Outras cidades importantes:
Guayaquil, Cuenca, Machala
Moeda: dólar estadounidense
Idiomas: español e quechua




Coñecemos algo máis de Ecuador

Ecuador divídese en tres rexións naturais: a costa, a serra e o oriente. Máis da metade da poboación vive na costa. Na costa cultívanse: banana, cacao, arroz e café, estes produtos están destinados á venda noutros países.

No oriente, extráese petróleo, que proporciona grandes ingresos, pero os refugallo industriais producen a contaminación da auga e a destrución ambiental.

Ecuador ten unha gran extensión de bosques, aínda que ano tras ano diminúe pola tala de árbores para a industria madeireira, isto ten como consecuencia a diminución do número de animais e plantas.

A Ecuador pertence o arquipélago de Colón ou Galápagos, estas illas teñen unha gran variedade de especies únicas no mundo.



- Investigar
 - ¿Que significado ten a palabra Ecuador?, ¿que é un arquipélago?
 - ¿Que é a tala de árbores?, ¿que son os refugallo industriais?, ¿que consecuencias teñen estas accións para o medio ambiente?
- Preguntar aos teus amigos e amigas de orixe ecuatoriano algúns datos máis sobre o seu país, que festas celebran, que rexións do seu país coñecen, etc. Podes aprender moitas cousas máis sobre ese fermoso país.

¿Quién le puso el nombre a la LUNA?

de Mirtha Golberg
(adaptación)

¿Quién le puso el nombre a la luna?
¿Habría sido la laguna, que de tanto verla por la noche decidió llamarla luna?
¿Quién le puso el nombre al elefante?
¿Habría sido el vigilante, un día que paseaba muy campante?

¿Quién le puso el nombre a las rosas?
¿Quién le pone el nombre a las cosas?
Yo lo pienso todos los días.

¿Habría alguien que se llama "Pone nombres" que saca los nombres de la Nombrería?

¿O la arena sola decidió llamarse arena y el mar solo decidió llamarse mar?
¿Cómo será?

Cantar **CANCIONES**

María Elena Walsh
Arxentina

Quién pudiera
cantar una canción cualquiera, sencilla
como el agua de la canilla*.
Canción que pronto se olvida pero
dura toda la vida.

Cantar canciones para los que
no tienen ilusiones,
poesía
para los que perdieron la alegría.

Canción con piano para los que
pasean de la mano,
con flores
que sirvan para niños, niñas y mayores.


Seguir y seguir
cantando canciones para convivir.

Canción barata
para los que no piensan más que en plata.
Dorada
para los pobres que no tienen nada.

Canción amiga
para los que se mueren de fatiga.
Canciones
para los que padecen en prisiones.

Seguir y seguir
cantando canciones para convivir.

*Canilla: billa.



• ¿Que cancións che gustaría
cantar para dar a benvinda aos
teus novos amigos e amigas?



- As persoas procedentes doutros lugares pódennos ensinar moitas cousas que non coñecemos, pregunta aos teus amigos e amigas doutros países como celebran o aniversario, o Nadal, etc. ¿Por que non celebrar un aniversario xuntos? Seguro que se vos ocorren cousas moi divertidas.
- Facer un collage con recortes de revistas e xornais que represente a diversidade do mundo en que vivimos.



¿Que é a **DIVERSIDADE?**

A palabra diversidade refírese á variedade ou gran cantidade de varias cousas distintas. Pensa en cantos tipos de froitas, verduras, flores, animais ou libros existen.

As persoas tamén somos moi diversas, hai diversidade no noso aspecto: a pel, o cabelo e os ollos teñen moitas cores distintas. Os nosos corpos tamén son diferentes en tamaño, forma ou capacidades.

As persoas somos diversas doutros xeitos tamén. Vivimos en lugares distintos, temos traballos distintos e imos a escolas distintas. Tamén procedemos de lugares diferentes, falamos moitas linguas distintas e tamén son distintos os nosos xeitos de pensar e sentir.

Aínda que seguro que debe haber alguén que se pareza a ti, ti es unha persoa única e especial. E tamén o é cada persoa que viviu, que vive agora, ou vivirá no futuro. Xenial, ¿verdade?

Pero para comprobar de verdade a diversidade, mira no teu barrio, o teu pobo ou cidade e na túa escola ou biblioteca. ¿Cantas nenas e nenos ves?, ¿cantas persoas adultas?, ¿cantas tonalidades de pel ves?, ¿cantas cores de pelo e de ollos?, ¿que linguas utilizan para comunicarse?, ¿cantos tipos de constitución física ves?...

Logo pensa nas distintas formas en que a xente do teu barrio traballa dentro e fóra de casa, nas distintas formas de comunicarse, de xogar, de celebrar ou de falar... Non é todo igual para todo o mundo, iso seguro.

¡A diversidade ten moito que ver con facer deste mundo un lugar emocionante e interesante onde vivir! ¡Todas as persoas temos dereito a que se respecte a nosa diversidade!



Adaptación dun conto popular peruano

O mono VIAXEIRO

Hai moito tempo coñecín un mono ao que lle gustaba moito viaxar e coñecer novos lugares e persoas; un día decidiu poñerse en camiño cara a Angola, e isto é o que sucedeu...

Logo de moito camiñar, chegou ata o bordo dun camiño. Alí puxo a súa cola atravesada e sentou a descansar. De súpeto, chegou un home conducindo unha carreta e vendo a cola atravesada do mono díxolle: "Oe mono, quita a túa cola de aquí"

"Non quero", contestoulle o mono.

O home que tiña que continuar o seu camiño, pasou coa carreta, e a cola... ¡¡¡ZAS!!!, rompeu. O mono mirou ao home e díxolle: "Oia, devólvame a miña cola".

"Non podo", dixo o home.

Entón o mono díxolle: "Eu quero a miña cola, se non, déame unha navalla".

Tanto insistiu o mono que o home non tivo máis remedio que darlle unha navalla. O mono foise cantando: "Perdín a miña cola, gañei unha navalla... e voume para Angola".

E camiñando, camiñando, porque Angola estaba moi lonxe, o mono atopouse cunha muller que estaba facendo cestas de vimbio e cortaba o vimbio cos seus dentes.

O mono mirou a muller e asombrado díxolle: "Señora, non corte o vimbio cos seus dentes. Déixolle a miña navalla".

"Vale" díxolle a muller.

E tomou a navalla do mono para cortar o vimbio. E cortando, cortando, a navalla... ¡¡¡ZAS!!!, rompeu. Entón o mono mirou á muller e díxolle: "Oia, devólvame a miña navalla".

Non podo, respondeulle a muller.

Entón o mono díxolle: "Eu quero a miña navalla, se non, déame unha cesta".

Tanto insistiu o mono, que a muller decidiu darlle unha cesta.

E o mono foise cantando: "Perdín a miña cola, gañei unha navalla; perdín a miña navalla e gañei unha cesta... e voume para Angola..."

E o mono seguiu camiñando ata que viu, nun relanzo do camiño, a unha señora que estaba vendendo pan nun bolso roto, vello e sucio; e o mono escandalizouse: "Señora, non venda o pan nese bolso roto, vello e sucio. Déixolle a miña cesta".

"Vale" díxolle a señora contenta.

E colleu a cesta do mono e empezou a enchela de pan. E poñendo un pan tras outro, a cesta... ¡¡¡ZAS!!!, rompeu. O mono mirou á señora e díxolle: "Oia señora, devólvame a miña cesta".

E a señora díxolle: "Non podo".

Entón o mono díxolle: "Eu quero a miña cesta, se non, déame un pan".

Tanto insistiu o mono, que a señora deulle un pan. E o mono foise contento polo camiño cantando: "Perdín a miña cola, gañei unha navalla; perdín a miña navalla e gañei unha cesta, perdín a miña cesta e gañei un pan, para, pan, pan... e voume para Angola..."



Actividades

- Continuar o conto, podes facelo cun grupo de amigas e amigos...
- Dialogar en grupos: ¿Credes que o mono chegaría a Angola?, ¿por que?, ¿sabedes onde está Angola?, ¿que coñeces deste país? ¿Como resolvía este mono as dificultades que se lle presentaban?, ¿como resolvesdes vós os problemas?, animádevos e escribide as vosas respostas.
- “Xogar”, “Voume de viaxe”, o xogo consiste no seguinte: poñédevos en círculo e imaxinades un lugar onde vos gustaría ir. Comeza unha persoa dicindo “voume a... e lévome un abrazo” dándolle un á persoa que está á súa dereita. A segunda persoa di “voume a... e lévome un abrazo e unha palmada nas costas” dándolle as dúas cousas á persoa da súa dereita. A terceira persoa continúa e leva estas dúas cousas e unha máis, así sucesivamente ata que o círculo volva á persoa que comezou. ¡Animádevos! Xa veredes cantas cousas levades a esta viaxe imaxinaria.




ALFABETOS

Existen diferentes xeitos de comunicarnos con outras persoas, non só a través das palabras ou os sons, moitas veces usamos xestos para expresar como nos sentimos ou para explicarnos mellor.

Non todas as persoas usamos a mesma linguaxe para comunicarnos. Por exemplo, as persoas xordas exprésanse usando a linguaxe de signos e as persoas cegas usan o alfabeto Braille para ler textos.

Un alfabeto é un conxunto de signos que se combinan para formar as expresións necesarias para comunicarse.



Alfabeto semáforo

As diferentes posicións das bandeiras representan cada unha das 26 letras do alfabeto en español.



Alfabetos de Signos

- Buscar o alfabeto de signos completo e formar palabras e mensaxes por grupos.
- Aprender a “escribir” o seu nome no alfabeto semáforo e no alfabeto de signos, tamén o dos compañeiros e compañeiras. ¡Veredes que fácil e divertido resulta!
- Xunto cos teus amigos e amigas, xogade ás adiviñas, por quendas, facede xestos intentando que os demais adiviñen o que queredes expresar (alegría, tristeza, enfado, dúbida...)
- Investiga: ¿Que é o alfabeto cirílico?

Se eu FOSE...

Este é un divertido xogo para xogar en equipo, ademais axudaranos a coñecernos mellor.

Cada persoa debe ter lapis e papel e completará as seguintes frases*:

se eu fose unha cor, sería...?
se eu fose un animal, sería...?
se eu fose unha flor, sería...?
se eu fose un sabor, sería...?

Logo o animador ou animadora recolle todos os papeis e leos mentres o grupo intenta adiviñar quen é o autor ou autora de cada un.

*Nota: podedes inventar outras e engadir algunhas frases máis...

CELEBRACIÓNS

Xa sabes que hai algunhas datas sinaladas no calendario. Con todo, ti e os teus amigos e amigas podedes decidir que días queredes celebrar algún acontecemento, ou festexar a algunha persoa por algo especial.

Algúns exemplos de festividades suxeridas por outros nenos e nenas:

- Semana dos amigos e amigas invisibles
- Día do intercambio de música

- Día da merenda compartida (todos os xoves)
- Día das palabras máis longas
- Día da volta a clase dos avós e avoas
- Semana das cartas solidarias

Poñédevos de acordo nas celebracións e facede unha lista, logo anotádeas nun calendario. Preparade actividades nas que poidan participar todas as persoas, ¡podedes pedirllas ás vosas familias que participen!



pa la bras

Cecilia Roggero - Perú

Hay palabras redondas,
como **mundo**,
como **hueco**, como **sol**.

Hay palabras que acompañan,
como **luz**,
como **perro**,
como **sombra**.

Hay palabras que lloran
como **lluvia**.

Hay palabras amargas,
como **tónico**
y difíciles como **lo siento**.

Hay palabras grandotas,
como **castigo**
o como **grito**.

Hay palabras que ríen,
como **agua**, como **circo**.
Y las hay tristes,
como **fin**.

Hay palabras y palabras.
Hay las que se dicen
y las que se callan.
Hay las que duelen
y las que alegran
y las que abren puertas
misteriosas.



acTividades

- Vuelve escribir el poema substituyendo las palabras en negrita.
- Dialoga con tus amigos e amigas: ¿que tipo de palabras serían enfermedad, SIDA, indiferencia, solidaridad, medicinas, vacinas?

miscelánea



adiviñas

Que fai unha vaca cando sae o sol?...
SOMBRA!

¿Que fai unha mosca que segue dereito?
Faise avogada

poesías

Receta para DURMIR

Yolanda Reyes
Colòmbia

Para que el sueño venga,
se recomienda
cerrar los ojos, contar ovejas
oír el canto de las estrellas
comer manzana con mejorana
y tomar agua de toronjil
sentir que el viento mece la cama,
tocar la almohada con la nariz.
Para que el sueño venga
y se quede quieto
toda la noche, cerca de ti
pídele al mundo que haga silencio
dile que el sueño quiere dormir.
Shhhhhhhhhh....



¿Quen dá MÁIS?

Edgar Allan García
Ecuador

Yo propongo
ve ve ve veinte
dijo la oveja
yo ofrezco
cua cua cua cuarenta
afirmó el pato
¿así? pues yo doy
qui qui qui quinientos
aseguró el gallo
es mu mu mu mucho para mí
se entristeció la vaca.

Y así fue cómo
desde aquella extraña subasta
el gallo se quedó
con el sol.

noticia RARA

María Hortensia Lacau
Arxentina

El viernes a las tres
el señor ciempiés
se calzó sus veinte
pares de zapatos
negros, al revés,
y sin más ni más
empezó a caminar
para atrás.

acTividades

- Recompilar adiviñas e poesías entre todos os teus amigos e amigas.
- Diseñar unhas tapas divertidas e facer un libro que se poida compartir con nenos e nenas.
- Facer copias para todos os participantes e non esquezades deixar un na biblioteca.



Non nos dá igual
¡Queremos un mundo máis
xusto para todos e todas!

Campaña educativa pola inclusión e a equidade.

902 444 644 | www.entreculturas.org

Organiza:



Colabora:

